

*segundo*  
**ADRAL**

**Xosé Filgueira Valverde**



**Edicións do Castro / ensaio**

## 113. LOUSADA DIEGUEZ

Fai medio século, o día 15 do outono do 1929, morría Antón Lousada Diéguez, filósofo, mestre, escritor e mecenas de escritores, guieiro dos mozos, alento dos vellos, fundamentes cristián, «bo e xeneroso». Poucas veces se vira en Pontevedra un enteiro como aquél. Porque poucos homes foran tan queridos e admirados.

Nacera en Boborás, o 22 de Nadal do 1884, dunha xenia ilustre: os Losada de Santiago, os Diéguez de Astureses, os Arias Correa da Ramallosa. El sabía que podía rehabilitar, cando quixera, máis de un título nobiliario; gozábase en saber da súa estirpe, como si os máis remotos devanceiros foran coñecidos seus, de agora, mais nunca tivo orgullo de caste. Doctorouse en Letras, fixo a licenciatura de Dereito, foi Auxiliar na Universidade de Santiago (1910) e gañou axiña co número un cátedra de Filosofía de Instituto, alí entrégase a formación dos estudantes poñendo nela todo o seu fervor e a súa sabencia, que era moita. En Pontevedra morou os derradeiros dez anos da súa vida.

Era un conferenciante craro, ameno, de verba xusta e xesto atraínte. Temas: «A función social do arte», «A door na vida», «O valor do ideal», «A cultura galega», «El problema pedagógico de Galicia» (Barcelona, 1917), máis tamén gostaba dos temas sociais, xurídicos i económicos: «Organización sindical», «Sufragio Femenino»...

Gostaba da Arqueoloxía e da Historia. Excavou a Citania de Montealegre en Domayo, colaborou nos primeiros inquéritos sobre graburas rupestres...

Tiña unha circia capacidade para atraír á xente e



Lousada Diéguez dibuxado por «Laxeiro».  
Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra

concordala, pra dirixir agrupamentos e rexir xuntanzas. Nas asambleiras das «Irmandades da Fala», ou en congresos como o de Economía Galega de Lugo do 1925 a súa voz era sempre desexada i escoitada.

Era un deses homes que teñen unha personalidade moi superior a su obra. Pubricóu pouco, pro moi fondo. En Filosofía o escomenzo do vigoroso ensaio sobre una «Teoría cuasi trascendental da velocidade»;

prosa narrativa «Camiñantes» e «Amañecer», «Contos», no teatro, «A Domeadora», non rematada...

Era un «iniciador»; dende o tradicionalismo chegou ao abrente dos movementos galeguistas, e da revista «Nós». Na súa casa de Pontevedra iniciáronse os traballos que darían pulo ao «Seminario de Estudos Galegos» no que ingresóu o 12 de maio do 1924 cun ensaio sobre «A prosa galega», escomenzóu e guióu as xeiras do Ribeiro e de Carballiño. Foi o primeiro Presidente da «Sociedad Coral Polifónica» de Pontevedra. E o primeiro firmante da moción que propuxo e dou normas pra a fundación do Museo de Pontevedra, ca Diputación La Sota, onde tamén promovéu a política de becas pra artistas, a investigación e a beneficencia.

Leede o número 71 da revista «Nós», do quince do mes de Santos do 1929. Alí veredes cá l foi o pranto de Galicia por aquel home que a levaba no corazón, e a quen os galegos vían como un persoeiro nato do seu esprito.

«Faro de Vigo», 14-X-1979